



Concello de Vigo
 Secretaría do Goberno Local
 Expte. 777/1102

RESOLUCIÓN ALCALDÍA:

CONSTITUCIÓN COMITÉ DE COORDINACIÓN POLÍTICAS PÚBLICAS MUNICIPAIS EN MATERIA DE FESTAS

A planificación, deseño e execución das políticas municipais cobra cada vez maior importancia en termos de calidade na xestión dos servizos públicos, tanto dende o punto de vista da racionalización e axilidade dos procedementos administrativos e das actividades materiais de xestión, como respecto á planificación e dirección por obxectivos e control da xestión e avaliación dos resultados das políticas públicas, a eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados, e a economía, suficiencia e adecuación estrita dos medios utilizados para o cumprimento dos fins institucionais e, en consecuencia, esixindo a eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos e a cooperación, colaboración e coordinación entre as distintas áreas nas que se estrutura o goberno e administración municipal.

Neste senso, tense detectado a especial relevancia das políticas públicas en materia de festas cada vez cunha maior proxección tanto a nivel municipal, como máis aló do territorio, que, polas súas propias características, requiren que o deseño das mesmas sexa coordinado con aquelas áreas da estrutura municipal que resulten máis afectadas na toma de decisións e na súa execución, dende a aposta polo seu fomento, impulso e posicionamento como unha prioridade municipal, dado o impacto e retorno que as mesmas teñen, en xeral, no conxunto da veciñanza, pero tamén en destacados sectores do tecido económico, como o hostaleiro, modelo que xa foi posto en práctica, con éxito, durante o mandato 2015-2019.

Examinada a organización municipal, resulta acaido continuar con dita liña de planificación e impulsar a coordinación do conxunto das áreas de goberno e administración con maior impacto neste campo, a través da constitución dun Comité de coordinación da xestión do ámbito material de festas en aras dunha maior axilidade e simplificación procedimental respondendo ao novo marco de funcionamento e actuación establecido pola Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e pola Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público. A dito fin resulta acaida a creación dun Comité de Coordinación que se converta no instrumento que, con carácter previo, a adopción das decisións de xestión que lle corresponden á Concellería Delegada de Festas, no marco competencial establecido pola Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local e da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, a efectos de garantir a mellor execución das políticas públicas.

En canto á composición do dito Comité, e vistas a estruturas por áreas municipais fixadas en Resolucións de datas 18 e 26 de xuño de 2019 por esta Alcaldía e posteriores modificacións, aconsellaría a integración no mesmo da Concellería Delegada da Área de Fomento e Servizos, pola súa natureza e contido, máxime dende a óptica da súa definición na citada Resolución "*coordinación, planificación e dirección das actuacións dos servizos vinculados ao viario municipal*", cuxo titular, precisamente, en razón a dita competencia de carácter transversal e a súa condición de segundo Tenente de Alcalde exercería as funcións de Presidencia do Comité.

	Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 10/03/2020 14:10	Páxina 1 de 3
	Expediente 777/1102	CSV: 27E2E4-3H33E4-E428C3-PEUZ12-B7NQLQ-H1	
	Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Xunto con ela, integráranse a Concellería Delegada da Área de Empresa, Economía, Seguridade e Organización Municipal, ao cargo da terceira Tenente de Alcalde, dada a necesidade de asegurar a seguridade na planificación de eventos e programación, sen afectar ás condicións de mobilidade dos veciños. Do mesmo xeito é necesaria a participación da súa propia, e da Concellería Delegada da Área de Parques e Xardíns, Comercio, Distritos e Festas Especiais a efectos de garantir a mellor articulación do territorio, da Concellería Delegada de Educación e Xuventude, pola súa acción de dinamización e organización de eventos municipais, e da Concellería Delegada da Área de Cultura, pola conexión das áreas de Cultura e Animación Sociocultural e pola conveniencia de aliñar as estratexias e a planificación conxunta das actividades e, así mesmo, a participación da Concelleira-Delegada da Área de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal pola súa transversalidade no conxunto da organización municipal.

Este acordo insértase, pois, no marco da planificación da actividade municipal en materia de festas, dun xeito sinalado, en relación con aqueles eventos organizados polo Concello a iniciativa propia, dada a especial responsabilidade que lle corresponde en dito caso, na procura do aliñamento das distintas áreas de goberno afectadas polos mesmos. Planificación que da seguimento ao acordo da Xunta de Goberno Local adoptado en sesión ordinaria do 6 de febreiro de 2020 de aprobación do “Plan de Dinamización e Desenvolvemento do Servizo de Festas: Liñas estratéxicas básicas de actuación no período 2020-2023” (expte. 8385-335), facilitando, deste xeito a coordinación co calendario sociocultural tradicional e festivo de interese xeral da cidade, en particular, en relación coa “Liña estratéxica 1: Deseño, desenvolvemento, xestión e execución da programación propia anual”, sen perxuízo doutras actividades que se poidan organizar no marco da iniciativa municipal.

Polo tanto e, no exercicio das competencias que a normativa vixente en materia de réxime local lle confire á Alcaldía-Presidencia en canto á dirección da política, o goberno e a administración municipal, así como o establecemento das directrices xerais da acción de goberno municipal e o aseguramento da súa continuidade, contidas no artigo 124.4.a) e c), respectivamente, da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia:

RESOLVO:

Primeiro.- Constituír o Comité de Coordinación de Políticas Públicas Municipais en materia de Festas do Concello de Vigo, a efectos de promover, impulsar e coordinar esta área de xestión municipal como prioridade na delimitación da dirección política, no marco da potestade de autoorganización municipal, en relación cos eventos organizados polo Concello a iniciativa propia, e, en particular, coa “Liña estratéxica 1: Deseño, desenvolvemento, xestión e execución da programación propia anual”, do “Plan de Dinamización e Desenvolvemento do Servizo de Festas: Liñas estratéxicas básicas de actuación no período 2020-2023” (expte. 8385-335), aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria de data 6 de febreiro de 2020.

Segundo.- Para garantir a eficacia e axilidade no desenvolvemento das políticas e a transversalidade no seu funcionamento, na súa composición integráranse:

- A Concelleira Delegada da Área de Festas e Turismo, **D^a M^a Carmen Lago Barreiro**.
- A Concelleira-Delegada da Área de Empresa, Economía, Seguridade e Organización Municipal, e Terceira Tenente de Alcalde, **D^a Elena Espinosa Mangana**.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 10/03/2020 14:10

Páxina 2 de 3

Expediente 777/1102

CSV: 27E2E4-3H33E4-E428C3-PEUZ12-B7NQLQ-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



Concello de Vigo

Secretaría do Goberno Local
Expte. 777/1102

- O Concelleiro Delegado da Área de Parques e Xardíns, Comercio, Distritos e Festas especiais, **D. Angel Rivas González.**
- O Concelleiro Delegado da Área de Educación e Xuventude, **D. Gorka Gómez Díaz**
- O Concelleiro Delegado da Área de Cultura, Emprego e Participación Cidadá, **D. Abel Losada Álvarez.**
- A Concelleira-Delegada da Área de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal, **D^a Patricia Rodríguez Calviño.**
- O Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos e Segundo Tenente de Alcalde, **D. Francisco Javier Pardo Espiñeira,** quen actuará como **PRESIDENTE DO COMITÉ.**

Terceiro.- Dispoñer que o Comité de Coordinación participará activamente na fase de actuacións preparatorias previas á toma de decisións en relación á organización dos eventos organizados polo Concello a iniciativa propia, tales como o envío de cartas de presentación, compromisos ou aceptacións. Así mesmo, desenvolverá unicamente a facultade de conforme para a emisión de ditame previo aos actos de xestión derivados do exercicio das competencias que, na Área de Goberno de Festas se exercen pola respectiva Concellería Delegada en aplicación do establecido na Resolución da Alcaldía de delegación de competencias de 18 e 26 de xuño de 2019, e do Acordo de delegacións de competencias da Xunta de Goberno Local, do 20 de xuño de 2019.

A incardinación das ditas propostas no marco dos correspondentes procedimentos administrativos será competencia da persoa responsable da Xefatura do Servizo de Festas, que, en dita condición, poderá ser convocada pola Presidencia ás sesións de traballo do Comité.

Cuarto.- O Comité non terá a condición de órgano colexiado e carecerá de competencias decisorias, das que en todo caso son titulares os correspondentes órganos municipais segundo o contemplado na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e réxime de delegacións vixentes no Concello de Vigo.

Para o exercicio das súas funcións o Comité disporá do apoio técnico e administrativo do persoal adscrito aos Servizos Administrativos afectados no que poida resultar necesario, debendo este asesorar, cando así lle fose requirido, ao Comité ou ao seu Presidente.

Quinto.- O Comité reunirse coa periodicidade que se estableza pola Presidencia do mesmo, sen prexuízo das reunións que, pola inmediatez e urxencia dos asuntos a tratar así o requirisen, e da súa comunicación por medios electrónicos.

Sexto.- Dar traslado da presente Resolución aos interesados, así como aos responsables administrativos dos Servizos municipais afectados e á Xunta de Goberno Local, para o seu coñecemento e efectos. Proceder á súa publicación na intranet municipal no Portal da Transparencia, conforme ao disposto na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

CCA

Data e sinatura dixital.

O ALCALDE, ABEL CABALLERO ÁLVAREZ

A SECRETARIA DO GOBERNO LOCAL, M^a CONCEPCIÓN CAMPOS ACUÑA



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 10/03/2020 14:10

Páxina 3 de 3

Expediente 777/1102

CSV: 27E2E4-3H33E4-E428C3-PEUZ12-B7NJLQ-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>